

Concello de Viveiro

EXPTE.- 2097/2020

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía, de data 29 de outubro de 2020, relativo a Convocatoria para a selección de persoal laboral temporal **DE DOUS PEÑONS**, coas cláusulas específicas de traballos de interese social, ao amparo da Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2020, con número de expediente: 2097/2020.

Vistas as Bases Xerais, os seus anexos e as Bases Específicas polas que se establecen as normas para a selección de persoal en situación ou risco de exclusión social perceptoras da risga, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro.

Vista a Oferta de Emprego con n.º 12-2020-8630 do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

Vista a base xeral 8.1, que sinala "(...) Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e nomeado e constituído o Tribunal, procederase por este á comprobación das instancias presentadas realizando proposta de lista provisional de admitidos e excluídos, que será aprobada pola Alcaldía.

A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión."

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte **lista provisional e definitiva de admitidos e excluídos:**

A) ADMITIDOS:

Nº	Apelidos e Nome
1	BARRUL JIMENEZ MARIA DEL MAR
2	GARCÍA PERNAS ALFREDO ANTONIO
3	JIMENEZ JIMENEZ MILAGROS
4	MARTÍNEZ GONZÁLEZ SERVANDO
5	SEIJAS FERNÁNDEZ JOSÉ MANUEL
6	SUÁREZ SUÁREZ MARIA TERESA

No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva.

Contra a lista definitiva, os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Contra as decisións adoptadas polo Tribunal de selección caberá a interposición de recurso de alzada ante a Alcaldía, (órgano que nomea ao referido Tribunal), segundo o disposto no artigo 121 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2
do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

